

**CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE RIBEIRA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que a Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ribeira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2024 dende o día da súa sinatura e sen prexuízo das posibles prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Ribeira, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1.O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación (« Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.



A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España ( Council Implementing Decision- CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

Posteriormente, Axencia Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da



repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

3.A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos.

O Acordo da Conferencia Sectorial do 21 de decembro de 2021, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 29,38 millóns de euros.

4. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística do Concello de Ribeira promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

5. O Concello de Ribeira concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de "Ribeira



Destino Litoral Sostible” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixos que recolle a convocatoria.

Presentando as seguintes actuacións: recuperación e posta en valor da senda dos muíños de auga do Río Saíñas, rexeneración ambiental e posta en valor do porto fenicio, restauración e posta en valor do patrimonio etnográfico; posta en valor do entorno litoral de Santa Uxía de Ribeira e dos seus servizos eco sistémicos, mellora de xestión dos fluxos turísticos en Pedra da Rá: dotación de aparcamento disuasorio e aplicacións smart para a xestión dos espazos; reconversión e humanización do parque perirubano de San Roque, oficinas de turismo eco eficientes: Raxás, Malecón, oficina móbil; deseño e elaboración dun plan de sinalización integral; deseño e implantación de Plataforma Smart “Destino intelixente” con experiencias; deseño e construción do Museo do Mar de Ribeira; acercar Ribeira ao Mar (Santa Uxía, Castiñeiras, A Fonte Seca, Ameixida): transformación dos bordes da infraestrutura; humanización dos espazos exteriores do Faro de Corrubedo; accións de sensibilización e posta en valor do Castro de Porto; Fábrica de Salazón, deseño e construción dun Miradoiro – Punto de interpretación do paisaxe en Punta Castro; dirección, coordinación e xestión do plan.

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Ribeira, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia  
Antonio Casas Calviño

